

# A EVOLUCIÓN DO DEREITO LABORAL EN EUROPA BAIXO A PRESIÓN DA ECONOMÍA (NEO-) LIBERAL

París, 16 e 17 de outubro de 2009

COLOQUIO INTERNACIONAL ORGANIZADO POR

:

AVOGADOS EUROPEOS DEMOCRATAS e  
*SYNDICAT D'AVOCATS DE FRANCE*

Coa colaboración de :

*Europäischen Vereinigung von Anwältinnen und  
Anwälten für Demokratie und Menschenrechten in  
der Welt (EJDM), Arbeitnehmeranwälte, Progress  
Lawyers Network (PLN)*

---

A crise do pensamento liberal, que deu orixe a unha nova crise económica e financeira, pola primeira vez globalizada e «en tempo real», proporciónanos unha ocasión inesperada para reflectirmos sobre os estragos que este pensamento totalitario causou, e pode seguir causando, nos sistemas de regulación social dos países desenvolvidos.

Son moitos os exemplos de retroceso nas conquistas sociais e xurrisprudenciais en dereitos do traballo e da

protección social, baixo a presión dos ultraliberais do grupo de Viena, que invocan unha «competencia non adulterada» como o regulador último dos mercados, incluído o do traballo.

Até finais do 2008, os países europeos foron requiridos permanentemente para pór en marcha reformas estruturais do mercado de traballo, cuxa rixidez sería a causa da súa incapacidade para recuperar a plena ocupación. En definitivo, o propósito non confesado é o de suprimir toda a evolución lexislativa e xurisprudencial que, lenta mais progresivamente, fora corrixindo a desigualdade fundamental das relacións de traballo.

A xustificación desta regresión está contida nas conclusións do avogado do TXCE Poaires Maduro no asunto *Viking Line*, cando declara que «a realización do progreso económico para o comercio intercomunitario implica fatalmente o risco para os traballadores de sufreren mudanzas (...) mesmo a perda do seu traballo».

Dado que o «razoamento» económico fixo a súa entrada ao máis alto nivel nas salas de xustiza, é lexítimo que os xuristas e os sociólogos se sintan autorizados para criticaren estas falsas evidencias, que nacen de comparacións groseiras e confusas, e que a realidade acaba por desmentir tan dramaticamente.

Lonxe de mellorar a prosperidade xeral dos traballadores, esta visión política non ten outro efecto que o de incrementar as desigualdades, a precariedade e a pobreza. A AED preparou, pois, este coloquio internacional a fin de impedir que esta ideoloxía poña fin ao movemento de emancipación das persoas respecto do traballo.

\*\*\*\*\*

Terá lugar na sede do **Colexio de Avogados de París** (*Barreau de Paris*) os días **16 e 17 de outubro de 2009**.

Os traballos do coloquio fundaméntanse nunha dupla introdución sobre a evolución do dereito do traballo e da economía neo-liberal (análise xurídica e económica).

Están previstas tres sesións:

- **Dereito á acción colectiva** á vista das resolucións do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos (con especial referencia á situación en Alemaña, Bélxica e á necesidade de reforzar a negociación colectiva).
- **Tempo de traballo e garantías de protección dos traballadores** (relación do tema coas esixencias económicas neoliberais, principios da directiva europea, situación en Gran Bretaña e Bélxica).
- **Desprazamento ou deslocalización dos traballadores en Europa**, a aplicación da lexislación

local, a internacionalización do contrato, a contratación eventual e a contratación precaria: mecanismos que favorecen o dumping social (coa análise das directivas e a xurisprudencia do TXCE), e referencia á súa aplicación en Franza, Bélxica e España

Finalmente unha **mesa redonda** recollerá os puntos de vista de representantes do ámbito político (Parlamento europeo), académico, sindical e de defensores dos traballadores perante a xurisdición social e abrirá pistas de reflexión e actuación que se concretarán nas conclusións do coloquio.

Confirmaron a súa intervención os seguintes **relatores**:

- Sheldon LEADER, profesor da Universidade de Essex.
- Philippe POCHE, director do Instituto Sindical Europeo.
- Patrick CHAUMETTE, profesor da Universidade de Nantes.
- Reinhard BISPINCK, Investigador do Instituto de Ciencias Económica e Sociais (WSI) de Düsseldorf.
- Keith EWING, profesor do King's College de Londres.
- John HENDY, avogado, Londres.
- Gilbert DEMEZ, avogado, Bruxelas.
- Detlef HENSCH, xurista, Berlín.
- Mireia MONTESINOS, avogado, Barcelona.
- Rafael CALDERON, avogado, Barcelona.
- Miren ETXEZARRETA, profesora da Universidade Autónoma de Barcelona.

- Steve COTTINGHAM, advogado, Londres.
- Sophie REMOUCHAMPS, Avogada, Bruxelas.
- Vito LECCESE, professor da Universidade de Bari.
- Mijke HOUWERZIJL, professor da Universidade de Nijmegen.
- Andrée DEBRULLE, Confédération des Syndicats Chrétiens, Bruxelas.
- Rachel SAADA, avogada, MCO, Paris.
- Nathalie MICAULT, avogada, Paris.
- Jürgen ULBER, xurista, membro da executiva de I.G.METAL.
- Jan BUELENS, advogado, investigador na Universidade de Amberes.
- Rafael LOPEZ, Maxistrado do TSX de Castela e León.
- Pier Luigi PANICI, Avogado, Roma.
- Pierre LYON-CAEN, maxistrado, experto da OIT, París.

Os pormenores do programa serán comunicados en breve prazo.